

A Música no Camiño

Xesús Torres Fernández

No século X, e dende toda Europa, milleiros de peregríns acuden a Santiago para rezar diante do sarteiro do Apóstolo. Veñen dos últimos currunchos da Cristiandade: de Islandia, de Hungría, de Alemania e Francia, dende Inglaterra, Irlanda ou da lonxana Armenia; deixan casa e familia e diríxense, nunha incerta aventura de meses, incluso anos, cara ao finisterre galego. Xunto con eles viaxan as súas ideas, os seus costumes, o flokllore dos seus lugares de orixe. Novos estilos artísticos, formas literarias innovadoras e una nova relixiosidade avanza imparables polas arterias do camiño francés xunto cun bulir de xentes que traen consigo as súas cancións, os seus romances, cantigas, lendas e músicas que van acompañando a romaría xacobea.

Podemos dicir sen dúbidas que as nosas melodías populares son o resultado da simbiose cultural entre as formas arcaicas anteriores e as novas correntes que penetraron como consecuencia desta irradiación propiciada pola pelerinaxe. Así, os pobos das beiras do camiño asimilaron primeiro, para, máis logo, transformar e incorporar ao seu acervo cultural esta gran variedade de melodías.

A ruta era dura e perigosa. Frío no inverno e calor no verán. Ladróns. Cans e lobos, mesmo os habitantes dos lugares polos que cruzaban, desconfiados e reacios á axuda. Nos primeiros tempos da pelerinaxe, e para

defenderse, os romeiros viaxaban en grupos. Para darse forzas e face-lo camiño máis levián, cantaban. Cantaban as melodías populares dos seus países de procedencia, pero sobre todo os hinos litúrxicos cos que logo farían a súa entrada na Catedral Compostelá. Un dos máis antigos conservados é o ‘Dum Pater Familias’ coñecido como ‘Ultreia’ e tamén como a ‘Canción dos Pelegríns Flamencos’. De orixe aquitana, con invocacións xermánicas e, segundo algúns autores, emparentado co hino dos cruzados é, como di o Codex Calitinus, un dos hinos máis utilizados na grande festa litúrxica coa que se recibía aos pelegríns na súa solemne entrada en Santiago. Organizábase unha procesión dende a porta do Camiño ata a Catedral. Mentras uns facían soar os seus instrumentos: cítaras, liras, tímpanos, salterios ou simplemente o bordón oco que a xeito de ocarina levaban pendurado do caído; os demais entoaban devotamente xunto cos espectadores composteláns o estribiño da Ultreia. ‘¡E Ultreia e suseia Deus adiuvamos!’ Estes mesmos cantos, xunto con outros recollidos no Liber Sancti Iacobi acompañaban á procesión pola cidade ata axeonllarse diante da tumba do Apóstolo. Tamén eran utilizados polos romeiros para pedir esmola nas prazas e adros ao longo do camiño.

É a partir do século XI cando gracias á laboura de Alfonso VI mellórase o recorrido, facilitando á viaxe mediante a construción de pontes, hospitais, estradas. Coincidindo cunha época de bonanza económica prodúcese un notable incremento de romeiros que se traduce nun grande impulso constructivo baixo o mandato episcopal de Don Cresconio. Segundo a Compostelana, érguense muros e torres cercando a cidade e abrindo as súas sete portas.

Ao longo do camiño, pero sobre todo arredor da Catedral comencan a proliferar numerosas actividades económicas adicadas ao negocio hosteleiro: tabernas, fondas, tendas de venda de alimentos, de reliquias, de souvenirs, dotan á sé compostelá dun novo carácter máis cosmopolita e buligueiro. Unha grande poboación de estraxeiros establécese atraída pola crecente circulación de diñeiro. É Diego Xelmírez quen rematará a europeización de Santiago creando o clima necesario para unha forte activación dos compoñentes culturais. A heteroxeneidade da poboación fixa e tamén da itinerante será o caldo de cultivo perfecto para esta creación. Compostela constitúese en centro receptor de gran número de influxos

culturais que cristalizarán en sucesivas elaboracións dunha nova expresión cultural. Establécese un fecundo diálogo entre as extremidades do camiño, reflectíndose tanto no románico xelmericense como na importación-exportación de lírica, literatura, música, etc. Se nun primeiro momento a cidade do Apóstolo foi como unha esponxa que absorbía todo canto chegaba, agora comenza o goteo.

Son os mesmos camiñantes os que van transmitir tódolos productos do crisol compostelán, pero por enriba dos demais son os xogares quen máis contribúen ao espallamento da música e da literatura do pelerinaxe. A tradicional oposición entre xograría e clerecía, expresión de incompatibilidades entre formas eclesiásticas e vulgares véese influenciada polos novos derroteiros que vai tomando a ruta. Esta nova orientación comercial introduce elementos culturais non exclusivamente relixiosos. A pesares do forte peso litúrxico da música, o camiño vaise poboando de poetas, trovadores e xogares. A lírica de amor cortesán, impulsada por nobres e príncipes que camiñan pola ruta das estrelas, creará unha poderosa corrente cultural que desembocará nun século de ouro da lírica galaico-portuguesa. As formas profanas dominan o camiño, bailan na ponte da Raiña, asubían en Pamplona, resoan nos montes do Cebreiro, animan as festas do Pazo de Xelmírez para acabaren inmortalizados nos vinteoito anciáns da arquivolta central do Pórtico da Gloria, testemuña da música celestial, da música como camiño de perfección, da música profana como linguaxe da Gloria de Deus: tañedores de zanfoñas, de viola, de péñola y de arco, intérpretes de arpa e cítola, gaiteiros e pandereteiros son representados nas pedras do Mestre Mateo. Mestura de instrumentos, mestura de orixes; o céltico co xermánico, o greco-románico co árabe, o rabel persa co salterio oriental, o añafil morisco dándose da man coa viola de arco chegada do norte escandinavo. Cada ancián do Apocalipse ten pasaporte de distinto país, cada un toca un instrumento con variada orixe, pero todos xuntos interpretan a mesma melodía de influencias múltiples: medio giga, medio gavota, medio canción de campesiño neerlandés cunhas variacións turcas, algo da reel irlandés, algo de adagio, un compás de marcha marcial escocesa con resoancias de canto dos remeiros do Volga. Tantos instrumentos e tantas melodías que enfeitizarán aos pelegrín nas noites de repouso despois da longa e dura xornada. Cansados, molidos, chagados, pero contentos ao escoitar relatos

baseados nas súas propias experiencias, ou nas pelegrinaxes de romeiros famosos como o de Guillaume de Aquitania que morreu na Catedral mentras cantaba a misa e foi enterrado no altar, dando lugar ao famoso romance de don Gaiferos de Mormaltan; ou o romance da Pelegrinaxe do rei de Francia, Luis VII; ou a chegada do Duque de Borgoña, Felipe o Atrevido; do Papa Calisto II; do viaxeiro Carlomagno; de Pierre de Monserrant; de Aymerico Picaud... Tamén lles gustaría escoitar ao calor do lume temas tópicos e ben sabidos, romances tecidos a partir de vellas historias coñecidas e readaptadas ao tema do camiño: miragres do Apóstolo; amores de romeiros, o romeiro que se suicida por consello do demo e que logo rescata do inferno a súa amada por intercesión de Santiago; narracións de carácter fantástico sobre bruxas, meigas, trasnos, moi do gusto dun público iletrado a quen lle satisfacía o asombro.

Expoñente desta riqueza lírica son os Cancioneiros de Ajuda, da Vaticana, de Colocci-Brancati, mostras de como esta eclosión popular xenerada pola ruta xacobeá, arteria de comunicación entre as rexións europeas, aflora na lírica erudita que dará lugar ao grande monumento da lírica española: as Cantigas de Santa María. Se na maioría dos códices conservados é rara a notación musical, nas cantigas reúnen-se máis de corenta pezas con liñas melódicas moi parellas aos aires de danza actuais como a muiñeira, ou como o alalá, e con moitas características comúns á música vocal popular como son o compás ternario, a alternancia de estribiños entre estrofas, ou coincidencias de acento e pulso.

Se con Alfonso X alcánzase un dos meirandes momentos creativos da lírica galega, é a partir do século XIII cando comenza unha decadencia formal que con marcado arcaísmo fixa canónicamente os recursos e fórmulas rítmicas medievais en todo o decorrer posterior. As causas non son doadas de comprender. ¿Crise no camiño ou no ámbito europeo? ¿Esgotamento creativo? ¿Alonxamento dos centros de poder co avance cara o sur da Reconquista? A música refúxiase de novo na liturxia, as catedrais renovan os seus orgaos facéndoos monumentais. O camiño debece ata asulagarse nos séculos escuros, esmorecendo aínda máis a partir da Reforma luterana. Só, como excepcións, atoparemos rescoldos daquela festa lírica que supuxo a efervescencia dos primeiros séculos. Como correndo por debaixo das pedras da historia agromaron cíclicamente estes rescoldos

chegando ata nós: é tarefa de todos recuperalos para non esquecer que o presente é unha consecuencia literal do pasado.

BIBLIOGRAFÍA

SAMPEDRO, CASTO. *Cancioneiro Musical de Galicia*. Santiago, 1942.

TAVIANI, GIUSEPPE. *A lírica Galego-portuguesa*. Vigo, 1986.

FERNÁNDEZ DEL RIEGO, F. *As peregrinacións xacobeas*. Vigo, 1983.

SCHUBARTH, DOROTHÉ E SANTAMARINA, A. *Cancioneiro popular*. Vigo, 1983.

SÁNCHEZ, A. E MONTERO, E. *Os instrumentos da música popular*. Vigo, 1992.

BANGO TORVISO, I. *Galicia Románica*. Vigo, 1987.